

AXEIGADA

II FOLIADA DE PRIMAVERA



22 DE MARZO

RÁBADE

CENTRO SOCIOCULTURAL



ACANTINA

UNHA SEMPRES DE SEMPRES



AXEIGO

AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA
LUGO / GALICIA



OBRADOIROS



OBRADOIRO

Iniciación ao baile



- Aprenderemos puntos básicos dos ritmos máis característicos de Galicia, a muiñeira e a xota, para despois poder desenvolverte nunha foliada.


Miguel Carballo

10€

12:00 Centro Sociocultural

OBRADOIRO

Manipulación de palletas



Pepe vaamonde

- Breve mostra dos materiais necesarios e montaxe da palleta
- Desbastado grosso
- Desbastado fino e axuste
- Colocación no punteiro e afinado

O mestre traerá palletas en bruto sobre as que o alumno traballará.

Os alumnos só deberán levar consigo unha **navalla ben aliada**. Ademais recoméndanse gafas con aumento, a modo de lupa (disponibles en calquer farmacia).

30€

16:30 Centro Sociocultural

OBRADOIRO

Canto e percusión



**Pandeiretadas na Silva:
toques, sons e cántigas.**

**Este curso mostrará como é o
acompañamento para o baile nesta
parroquia de Cerceda (A Coruña),
os seus recursos estilísticos e as
diferentes tocatas que compoñen
a ruada segundo o transmitido
pola xente do lugar.**

Xurxo Fernandes

20€

16:30 Centro Sociocultural

SESIÓN VERMÚ



AIRIÑOS DA FONDA



**Outro ano máis contamos cun dos grupos máis festeiros!
Estudando en Santiago, coñecéronse nas foliadas da porta do camiño. Dende entón, comezaron a compartir contos e cantos, frecuentando as tabernas compostelás que aínda conservan a costume do canto colectivo e espontáneo.**

CHARANGA BENO FÁN



Benofán é unha charanga tradicional da parroquia de Calo, no concello de Teo, formada por rapazas e rapaces que comezaron a súa andaina musical na Sociedade Recreativa. Este grupo tenta recuperar o repertorio das murgas, charangas e orquestras do pasado século, mesturando o repertorio tradicional con instrumentos e ritmos de nova incorporación.